

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

A Reconquista da cidade de Vigo ós franceses

3. A toma do Atlas

A noite cobre á Ría no seu silencio, nunha madrugada de novembro. A lúa permite ver a enseada de Baiona, salpicada de barcas de pesca que se arrolan xunto a unha polacra de guerra de tres mastros, fondeada ao abrigo da fortaleza de Monte Real. Na súa garita de pedra, o vixía loita contra o soño. Pero algo chama a súa atención: fronte ás illas Estelas creu ver un par de luces en movemento. Logo, nada. Así que o sentinela reláxase. Son tempos difíciles, despois da derrota en Trafalgar, que deixou ao país sen flota de guerra. O pobo, como ocorreu case sempre, haberá de arranxarse pola súa conta. A única defensa é a armada corsaria de Vigo, que segue a facer presas inglesas. Ata que a Mariña da súa Maxestade británica se farte e decida contraatacar.

De súpeto, o vento parece traer voces e, xa preto das rocas de Monte Real, algo se move. Só o distingue con claridade cando se aproxima á muralla: dúas barcas achéganse á polacra e os seus ocupantes tentan abordala. Preto da praia, outras lanchas, cargadas de homes, van desembarcar.

A voz de alarma do vixía de Baiona evitou unha traxedia aquela noite de finais de 1807. A guarnición da praza mobilizouse de inmediato e, disparando os seus canóns contra os invasores, logrou desbaratar os plans dunha escuadrilla inglesa, que intentaba unha expedición de castigo sobre a ría de Vigo. Os inimigos houberon de retirarse.

Pero, menos dun ano despois desta acción bélica, todo mudou. Entrado 1808, os ingleses tornáronse aliados, mentres os franceses son agora o inimigo. E, nesta nova situación, os vigueses apúntanse a primeira victoria da contenda, nunha acción producta de moitos anos de actividade corsaria, boas doses de valor e un chisco de picardía.

Todo aconteceu nunha mañá do mes de xullo de 1808, cando os mariñeiros de Vigo, curtidos durante anos na flota corsaria, en barcos como o *Tunante*, o *Atrevido* ou *A Vingadora*, lograron capturar a un dos máis flamantes buques de guerra de Napoleón, a fragata *Atlas*.

O *Atlas* entra en Vigo con todo o trapo ao vento, nunha fermosa mañá de verán. O navío de guerra xa tiña estado neste porto en 1805, cando os franceses eran aliados dos españois, e o buque aliñábase na escuadra combinada de Gravina e Villeneuve que combatía contra os ingleses en Fisterra. Naquela data, o *Atlas* tíñase refuxiado na ría para reparar os danos de combate e para que se recuperase o seu comandante, o capitán Rolland, que ía ferido.

Rolland e os seus homes viviron na vila algúns meses, mentres o *Atlas* daba cobertura á praza. Pero, nesta ocasión, tres anos despois, regresaban como inimigos.

A aparición do buque provocou a alarma xeral na vila. A fragata, de 74 canóns, avanzou paseniño ata fondear fronte á ribeira da Laxe. Inmediatamente, abriu fogo de artillería contra a praza. Pero, para a súa sorpresa, os vigueses comprobaron que aqueles canonazos non producían ningunha desfeita. Escoitábanse as detonacións, pero nin asubiaban os proxectís nin había danos. Tardaron pouco en decatarse de que o *Atlas* estaba facendo, en realidade, salvas de honra.

O capitán Rolland creu que Vigo xa se atopaba baixo mando francés, tendo en conta que José Bonaparte era o rei en Madrid. Así que quixo agasallar á poboación que xa coñecía cun concerto de canóns, á espera dun gran recibimento. Sen dúbida, teríao.

Aproveitando o desconcerto, mariñeiros do Berbés, Areal e Coia

embarcan nas súas lanchas, ocultando as armas, e aproxímanse ao navío para rodealo entre amabilidades e bromas.

Cando o máis que inocente capitán Rolland cre recibir a un "comité de benvida", atópase á súa tripulación encanonada polos mariñeiros vigueses, que descubren as súas armas. Sen disparar un só tiro, o seu barco, orgullo da mariña imperial, foi abordado e está en poder do inimigo. Nun trazo por fin de perspicacia, entrégase sen ofrecer resistencia.

La Voz de Galicia, 23/11/2008

1. **Le** atentamente o texto anterior.
2. Se te fixas, no texto faise referencia a dous feitos cheos de picaresca: un sucede en Baiona; o outro, diante da Vila de Vigo. **Divide o texto en dúas partes**, segundo o suceso do que fala.
3. No texto fálase da **Derrota de Trafalgar**.
 - *Onde está Trafalgar?*
 - *En que data se produce a Batalla de Trafalgar?*
 - *Que países foron vencidos en Trafalgar?*
 - *Que país resultou o vencedor?*
 - *Quen dirixía cada exército?*
 - *Que consecuencias tivo a Derrota de Trafalgar?*

Para contestar a estas preguntas, **visita os seguintes enlaces:**

<http://www.youtube.com/watch?v=3fcKfyER5jo>

http://es.wikipedia.org/wiki/Batalla_de_Trafalgar

Tamén podes visualizar esta **recreación da Batalla:**

<http://www.youtube.com/watch?v=IN8dvWQbb8s&NR=1>

4. **Por que cambiaran as alianzas** entre países cando o Atlas fondeara en Vigo en xullo de 1808?

5. **Le de novo este fragmento:**

Todo aconteceu nunha mañá do mes de xullo de 1808, cando os mariñeiros de Vigo, curtidos durante anos na flota corsaria, en barcos como o Tunante, o Atrevido ou A Vingadora, lograron capturar a un dos máis flamantes buques de guerra de Napoleón, a fragata Atlas.

6. Que diferenza hai entre **un corsario e un pirata?**

7. Que era a **patente de corso?**

Utiliza os recursos que atoparás na **páxina web do Colexio** (*A nosa Biblioteca – Ferramentas para estudar mellor*) e contesta ás preguntas anteriores.

8. Utilizando a planilla adxunta, ou unha similar, **elabora un cómic no que se relate a toma do Atlas.**